



POESÍA


«Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía Relixiosa en galego»

Victorino Pérez Prieto. Editorial Toxosoutos. 276 páxinas. ***

A editorial Toxosoutos publica, na súa colección Nume, *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía Relixiosa en galego*. Un volume do que é autor Victorino Pérez Prieto, e que permite ver reunidos versos de autores como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Pondal, Augusto Casas, Ricardo Carvalho Calero, Ernesto Guerra da Cal, Eduardo Moreiras, Pura Vázquez, Lorenzo Varela ou Celso Emilio Ferreiro. Non faltan, entre os incluídos neste libro dedicado á poesía relixiosa en galego, autores dos nosos días como Bernardino Graña, Marica Campo, Luz Pozo Garza ou un dos nosos máis brillantes —e menos coñecidos, pola brevidade da súa obra publicada— poetas, Uxío García Amor. É Uxío García Amor, por certo, un dos en verdade grandes autores da Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, a dos chamados Poetas do Seminario Mindoniense, na que tamén se encadran outros escritores —verdadeiros clásicos, todos eles— lembrados neste libro novo, como Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Díaz Castro ou Xosé Crecente Vega. «Non saberás endexamais o Nome verdadeiro./ Pro axeónllate sen medo...», escribiu un día aquel gran cristián que foi Cunqueiro.

R. Loureiro

O «TOP» GALEGO



1. Arthur e George

Julian Barnes. Ed. Rinoceronte

2. Galicia en guerra

Eduardo Rolland. Xerais.

3. Herba moura

Teresa Moure. Xerais

4. Home sen nome

Suso de Toro. Ed. Xerais

Librarías consultadas: Librería Trazos, El Corte Inglés, Couceiro (Santiago), Trama (Lugo), Central Librería (Ferrol) e Torga (Ourense).

CUALIFICACIÓN

*** MOI BO

** BO

* CORRECTO

● MELLORABLE

LETRAS EN GALLEGO